



Concello de **OURENSE**

49/21. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 8 DE NOVEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o oito de novembro de dous mil vinte e un, *sendo as oito horas e trinta minutos (8h:30')*, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: *Excmo. Sr Alcalde-Presidente: D. Gonzalo Pérez Jácome. Srs/as. Concelleiros/as: D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, Don Jorge Pumar Tesouro, Dona Ana María Fernández Morenza, Dona Flora Moure Iglesias e D. Armando Ojea Bouzo*, que actúa como *Concelleiro-Secretario da Xunta*, -asisten como invitados: A Oficial Maior, dona Silvia Alonso Fernández; e o Interventor Municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez; non asistindo o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA

Único.- Expediente de modificación orzamentaria 3P/2021 (nº cividas: 2021036183).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de modificación orzamentaria 3P/2021, utilizando a figura dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito, de acordo co seguinte contido:

A) Suplementos de crédito

Créditos que se suplementan:

Código	Descrición	Importe	Financiamento
S 200.3230.46700	Achega funcionamento Escola Galiña Azul	353.700,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.
S200.3230.48923	Convenio con Federación ANPAS públicas	66.000,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.
S 260.0111.35200	Xuros de demora	20.000,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.
Total suplementos de crédito		439.700,00 €	

Financiamento dos suplementos de crédito:
Modificación do Estado de Ingresos

Código	Descrición	Importe
87000	Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais	439.700,00 €
Total financiamento suplementos de créditos		439.700,00 €

B) Créditos extraordinarios

Créditos que se dotan:

Código	Descrición	Importe	Financiamento
S160.1710.61906	Inv. rep. exec. sentenza M.A. Plaza Avda Marín	553.977,22 €	Rte.Tes. Gtos. X.
S180.3340.48001	Convenio con Liceo	6.000,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.
S200.4330.47901	Subv. fomento actividade económica local	10.000.000,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.



S220.1510.60906	Expropiación "Finca Acebedo" na Cruz Alta	1.834.367,17 €	Rte. Tes. Gtos. X.
S300.3370.48942	Conv. con Amencer: Campamento Urbán	11.000,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.
S300.9240.48934	Conv. Federación Asoc. Veciños Limiar	15.200,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.
S300.9240.48935	Conv. Agrup. de AAVV do p. rural e perif. Miño	15.200,00 €	Rte. Tes. Gtos. X.
Total créditos extraordinarios		12.435.744,39 €	

Financiamento dos créditos extraordinarios:
Modificación do Estado de Ingresos

Código	Descrición	Importe
87000	Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais	12.435.744,39 €
Total financiamento créditos extraordinarios		12.435.744,39 €
Total Modificación Orzamentaria (A) + (B)		12.875.444,39 €

Segundo.- Elevar este acordo ao Pleno da Corporación para que proceda, no seu caso, á aprobación provisional da modificación proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o *Excmo. Sr Alcalde-Presidente*, levantou a sesión ás oito horas e trinta e cinco minutos (08h:35'), do que como *Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local* dou fe.

